



BENVID@S!



O RESÍO

**20
21**

**CEIP.VIRXE DO ROCÍO
PLAN DE ACOLLIDA**



RUA ROCIO 70
36208 VIGO

CEIP..VIRXE.ROCIO@EDU.XUNTA.GAL

[HTTP://WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPVIRXEROCIO/](http://WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPVIRXEROCIO/)

TELF. 886120860/886120862/ 658715569

ÍNDICE

PLAN DE ACOLLIDA, INTRODUCCIÓN

3

**A) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E
FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

3

**B) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN,
HIXIENE E PROTECCIÓN.**

10

**C) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A
MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO
ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU
DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE
DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O
CASO, NON PRESENCIAL.**

14

**D) ATENCIÓN AOS ASPECTOS
EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN
GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.**

17

Este documento prescriptivo ,segundo se regula nas **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, ten por obxecto planificar a acollida xeral do noso alumnado neste inicio do curso 2020-2021 tras a suspensión do ensino presencial no terceiro trimestre do pasado curso lectivo 2019-2020 para afrontar os retos derivados da pandemia producida pola COVID19.

Este **Programa de acollida** se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Difusión das novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa para que se realicen as achegas necesarias.

A) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.



O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Temas de modificación:

ENTRADAS E SAÍDAS

O obxectivo principal desta proposta é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas. Para que funcione deberanse cumprir de xeito estrito os horarios establecidos, tanto polas familias como polo profesorado.

Como norma xeral, a familia do alumnado, non accederá ao centro (agás situacións excepcionais), debendo, en caso de acompañar ao mesmo, gardar a distancia se seguridade co resto de persoas que haxa no centro. As familias ou titores, só poderán entrar ao edificio escolar en caso de necesidade ou indicación do profesorado ou do equipo directivo, cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.

O alumnado poderá entrar ao centro co seu material de traballo, unha botella (claramente identificada) coa auga suficiente para a súa hidratación (non estará permitido enchela dentro), unha máscara posta (que se atope en perfectas condicións) e outra de reposto gardada nunha bolsa de tea ou sobre de papel (hai que lembrar que as máscaras cirúrxicas só teñen un período de duración de 4/6 horas), así como o petisco de media mañá para o tempo de lecer.

Os responsables do alumnado deberán asinar un compromiso por escrito, onde se comprometen a que se o seu fillo ou filla presenta febre, tose, diarrea ou tivo contacto con algunha persoa enferma ou con indicios de estalo, non asistirá ao centro, ata que fose valorado/a polo seu pediatra.

Horario de entradas e saídas:

Asígnanse tres entradas á escola. O alumnado á hora que soe o timbre, accederá ao centro, sen facer as tradicionais fileiras por curso. Na entrada ao mesmo, o alumnado procederá a lavar as mans co xel hidroalcohólico que haberá á entrada, tomaráselle a temperatura e dirixirase a súa clase mantendo a distancia de seguridade correspondente. O profesorado agardará ao alumnado na súa aula. Haberá mestres nas entradas exteriores e interiores. O

horario de entrada será flexible dende as 9 ata as 9 e dez, comenzando a primeira sesión ás 9.15h.

EDUCACIÓN INFANTIL	<p>ENTRADA: de 9,00 a 9,15h.</p> <p>ACCEDE POLO SOPORTAL DE INFANTIL</p> <p>O alumnado transportado mailos usuarios da aula matinal, entrará ás 9,00h.</p> <p>4º EI: Horario recomendado de 9,10 a 9,15h.</p> <p>5º EI: Horario recomendado de 9,05 a 9,10h.</p> <p>6º EI: Horario recomendado de 9,00 a 9,05h.</p>
	<p>SAÍDA: SOPORTAL DE INFANTIL</p> <p>O alumnado usuario de comedor quedará na súa aula. Serán os monitores quen acudan á aula ás 13.45, 13.50 e 13.55h.</p> <p>4º EI: Horario recomendado de 13,45 a 13,50h.</p> <p>5º EI: Horario recomendado de 13,50 a 13,55h.</p> <p>6º EI: Horario recomendado de 13,55 a 14,00h.</p>
EDUCACIÓN PRIMARIA	<p>E 1º, 2º e 4º EP</p> <p>N ACCEDE POLO PORTALÓN DA RÚA MIÑO, porta de entrada do profesorado.</p> <p>T</p> <p>R O alumnado transportado entrará pola porta principal ás 9,00h.camiñando por diante da biblioteca, nunca pola herba que tende a estar mollada, achegarase á porta correspondente a súa entrada.</p> <p>A</p> <p>D Aconséllase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 9.00H. 4º EP • 9,05H. 2º EP • 9.10H. 1º EP <p>A</p> <p>S</p>

E N T R A D A S	<p>3º, 4º, 5º e 6º EP</p> <p>ACCEDE POLA PORTA PRINCIPAL</p> <p>O alumnado transportado mailo usuario da aula matinal entrará ás 9,00h.</p> <p>Aconséllase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 9.00H. 6º EP • 9,05H. 5º EP • 9.10H. 3º EP
S A Í D A S	<p>1º, 2º e 4º EP</p> <p>O alumnado usuario de comedor quedará na súa aula. Serán os monitores quen acudan á aula ás 14h. O mestre que ten clase na última sesión acompaña aos non usuarios do servizo de comedor ata a porta de saída que linda coa Rúa Miño.</p>
S A Í D A S	<p>3º, 5º e 6º EP</p> <p>O alumnado usuario de comedor do terceiro curso de primaria, quedará na aula e serán os monitores os que acudan á aula ás 14h. O alumnado do quinto e sexto curso de primaria será acompañado polo seu mestre titor ata o punto de encontro co monitor responsable do servizo de comedor correspondente, e acompañarán ao outro alumnado á porta de saída que será a mesma que a da entrada.</p>

TEMPO DE LECER

En EI o alumnado sairá ao patio en horarios diferenciados, polo que cada mestre fará garda de patio acompañada pola mestra de apoio en días alternos.

- 4º EI: De 11,30 a 11,55
- 5º EI: De 11,00 a 11,25
- 6º EI: De 12,00 a 12,25

En EP saíran en dúas quendas de recreo.

- De 11,25 a 11,55 h:
 - Leo e merendo en 1º, 2º e 3º e,
 - saen ao patio 4º, 5º e 6º EP
- De 11,55 a 12,20 h
 - Leo e merendo en 4º, 5º e 6º e,
 - saen ao patio 1º, 2º e 3º EP

Os mestres/as, dividiranse por quendas e zonas creadas e regularase o acceso aos baños.

TITORÍAS

As titorías serán preferiblemente a través de vías corporativas e telemáticas co uso da aplicación CISCO WEBEX. O uso de chamadas telefónicas, dende o teléfono de centro, o envío de mensaxes a través de correo electrónico do centro ou o envío de mensaxes por ABALAR MÓBIL tamén son outras opcións. En casos excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais atendendo ás condicións de seguridade e utilizando espazos habilitados para tal fin. Primarase, sempre que se poida, o uso de espazos exteriores ou nas dependencias do centro que estean próximas á entrada do mesmo. Atenderase sempre as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.

BIBLIOTECA

A Biblioteca poderá ser usada polo alumnado no tempo de lecer cando lle toque quenda na zona superior. Isto acontece un de cada tres recreos. Deste xeito garántese o uso por parte dun grupo clase.

En horario vespertino, a biblioteca ten un aforo de 14 usuarios e abre tódolos días de 4 a 5, agás os martes.

AULA STEM

Aula Stem, só será utilizada por grupos clase, distribuídos do mesmo xeito que na aula. Establecerase un horario para evitar a utilización en clases consecutivas.

RADIO ESCOLAR

Radio Escolar, inaugurada o pasado día 18 de setembro e dirixida polo mestre D. Juan Luís Fernández Pérez, achégase en tempos nos que se traballa en grupos reducidos para manter o distanciamento social.

USO DOS ASEOS

Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais. Os baños están adxudicados aos respectivos cursos.

CIRCULACIÓN POLO CENTRO

Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.

ACTIVIDADES INTER NIVEIS

Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.

XUNTANZAS INICIO DE CURSO

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar na pista cuberta da escola baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas no seguinte **Cadro de xuntanzas**

Nivel educativo	Data	Hora
4º Educación Infantil	07/09/2020	9.00h
5º Educación Infantil	08/09/2020	9.00h
6º Educación Infantil	08/09/2020	10.00h
1º Educación primaria	08/09/2020	11.00h
2º Educación primaria	08/09/2020	12.00h
3º Educación primaria	07/09/2020	10.00h
4º Educación primaria	08/09/2020	13.00h
5º Educación primaria	07/09/2020	12.00h
6º Educación primaria	07/09/2020	11.00h

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias

desa primeira xornada, a Consellería de Educación decidiu secuenciar o inicio de curso en dous días, no seguinte cadro aclaramos os días e horas de inicio de curso:

Nivel educativo	Data	Hora
4º Educación Infantil	As fixadas no período de adaptación	A fixada no período de adaptación.
5º Educación Infantil	10/09/2020	9.05h
6º Educación Infantil	11/09/2020	9.00h
1º Educación primaria	10/09/2020	9.10h
2º Educación primaria	10/09/2020	9.05h
3º Educación primaria	10/09/2020	9.10h
4º Educación primaria	11/09/2020	9.00h
5º Educación primaria	11/09/2020	9.05h
6º Educación primaria	11/09/2020	9.00h

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

Os horarios de recreo respectaranse.

B) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Neste segundo bloque de medidas de acollida, recolleamos as actividades que se desenvolverán para levar a cabo as distintas actuacións preventivas de hixiene e protección de carácter individual e colectivo.

Importancia do lavado de mans, utilización do xel hidroalcohólico, distancia social e importancia da ventilación das aulas. Importancia da **utilización correcta da papeleira COVID**.

- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.
- Determinación do espazo de illamento COVID.
- Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.
- Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación.

PREVENCIÓN



O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.



HIXIENE

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, MANTELNOR, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.

Nós, dende as nosas posibilidades, tentaremos de:

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces ao día.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal:

- Facer 5 limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o sangradoiro, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exixe da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.

Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:


- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Toallas desinfectantes: en todas as aulas.
- Solución desinfectante viricida: nas aulas.

PROTECCIÓN



- Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria e recomendable en infantil.
- Pantallas:
 - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Mámparas:
 - Para realizar trámites coas familias instalouse unha no despacho de dirección, secretaría e departamento de orientación.
 - Na aula AL, na biblioteca, no posto do bibliotecario e entre os postos de computadores da sala de mestres e biblioteca quedando pendentes as da aula Stem, ata que dispoñamos de fondos económicos suficientes.

C) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.



No mes de marzo a interrupción das clases presenciais supuxo poñer en marcha a capacidade organizativa dos mestres que tiveron que buscar medios de chegar ao alumnado e ás familias. Logo de seis meses, esperamos que sexamos quen de tirar adiante coa aula virtual da escola logo de tan so dez horas de formación do profesorado.

É necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten o emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose

necesario volver ao ensino a distancia ou semi presencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (de infantil a 4º de primaria) e **a EVA** – Edixgal (5º e 6º de primaria).
- **Acceso aos diferentes cursos** / áreas nos que estea matriculado/a (infantil a 6º)
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual (infantil a 4º) e da plataforma EVA (5º e 6º)
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual e de EVA.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal

Cada mestre terá tamén un enderezo de correo electrónico co dominio mercado pola escola @colexiorocio.com, que será facilitado na páxina web da escola.

Estas son as direccións de contacto:

ANA	anapc@colexiorocio.com
ÁNGELA	angelanb@colexiorocio.com
BEATRIZ	beatrizpo@colexiorocio.com
BEGOÑA	begonhavg@colexiorocio.com

CARMEN	carmenam@colexiorocio.com
CHELO	chelopf@colexiorocio.com
CRISTINA	crisar@colexiorocio.com
EVA	evamr@colexiorocio.com
JUAN	juanlf@colexiorocio.com
MARICRUZ	maricruzsb@colexiorocio.com
MARILUZ	mariluzps@colexiorocio.com
MARTA	martagl@colexiorocio.com
MARUXA	maruxagg@colexiorocio.com
MERCEDES	mercedv@colexiorocio.com
MÓNICA	monicadp@colexiorocio.com
OLGA	olgaas@colexiorocio.com
SUSANA	susanamg@colexiorocio.com

- **Tokapp**: canle unidireccional para recibir información.
- **Teléfono**: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas fixas, o 886120860 e o 886120862, e unha liña móbil, 658715569, coa posibilidade de utilización do WASAP.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semi presencial ou non presencial.

- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite de xeito moi básico empregar as aulas virtuais, como quedou amosado ao longo do curso 19/20.
- Neste vindeiro curso unha parte importante do claustro participará a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación.
- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada, por parte do equipo directivo para o comezo de curso cos cursos do 2020/2021 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs (este curso todo o profesorado do centro forma parte deste comisión).

D) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.



- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo, senón apoiala e coidala emocional mente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia encadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de

todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios. Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.